



CLUB NATACIÓN PABELLÓN OURENSE

Avd. Pardo de Cela, 2 - 32003 Ourense
tlf: 988370539 // fax: 988370227
cnpourense@yahoo.es // escolatriatlncnpo@gmail.com
www.cnpourense.es

II NADA E CORRE OURENSE CLASIFICATORIO ZONA 2 (SUR) PARA O CAMPIONATO GALEGO 2019

REGULAMENTEO OFICIAL

1) ORGANIZAN:

Club Natación Pabellón Ourense. (escolatriatlncnpo@gmail.com)
Federación Galega de Triatlón en Pentatlón Moderno.

2) COLABORAN:

Secretaría Xeral Para o Deporte Galego.
Consello Municipal de Deportes Ourense.
Deputación de Ourense

3) DATA E HORARIOS:

Sábado, 16 de marzo 2019

4) INSTALACIÓNS E HORARIOS:

NATACIÓN:

PISCINA ROSÁRIO DUEÑAS, PABELLÓN DOS REMEDIOS

Quecemento natación: de 15:00 h a 15:40 h

Inicio natación: 15:45 h

CARREIRA A PÉ:

PASEO DO BARBAÑA.

Carreira a pé 17:45 h

Remate das probas 19:45 h

5) CATEGORÍAS E DISTANCIAS:

Categoría prebenxamín (2012-2011)	25m de natación + 250m de carreira a pé
Categoría benxamín (2010-2009)	50m de natación + 500m de carreira a pé
Categoría alevín (2008-2007)	100m de natación + 500m de carreira a pé
Categoría infantil (2006-2005)	200m de natación + 1000m de carreira a pé
Categoría cadete (2004 – 2003 - 2002)	400m de natación – 2.000m de carreira a pé

6) INSCRIPCIÓNS

Data límite: martes día 12 de marzo de 2019.

FEDERADOS:

Formalizarse a través da páxina Web: www.fegatri.org , dentro do apartado Competicións/Regulamentos-inscricións, accedendo á proba de referencia.

DEPORTISTAS NON FEDERADOS (LICENZA 1 DÍA):

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno www.fegatri.org, no apartado Competicións: Regulamentos/Inscricións. Pinchar sobre a carreira e ir ó enlace de INSCRICIÓN. O pago faise a través de TPV. Para validar a inscrición é imprescindible o envío da copia do DNI en vigor (fegatri@hotmail.com). Custo licenza 1 día menores: 6 euros.



CLUB NATACIÓN PABELLÓN OURENSE

Avd. Pardo de Cela, 2 - 32003 Ourense
tlf: 988370539 // fax: 988370227
cnpourense@yahoo.es // escolatriatlioncnpou@gmail.com
www.cnpourense.es

Cada club deberá designar un Técnico/Delegado, responsable do Club fronte calquera incidencia da competición. Os seus datos, cun número de teléfono de contacto, serán comunicados a través da plataforma de inscrición e ao email fegatri@hotmail.com. Para poder validar a inscrición na proba. Así mesmo cubriranse os tempos de natación, na distancia correspondente, para elaboración das series (minutos e segundos no formato 00:00).

COMUNICACIÓN DE BAIXAS:

Estas deben ser comunicadas a FEGATRI antes das 16:00 horas do xoves anterior á proba (14 de marzo de 2019). As baixas non comunicadas en prazo serán penalizadas economicamente segundo o regulamento aprobado. Non se admitirán inscricións incompletas ou fóra de prazo.

Política de Devolucións:

Unha vez pechado o prazo non se fan devolucións. As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba. No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición. Estas serán anuladas e non se farán devolucións.

Publicación de Listaxes de Inscritos:

Publicación lista provisional: o xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos na páxina web www.fegatri.org (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas no listado, ...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo.

Publicación lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

Premios:

Medallas para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría.

Normas de competición

Cada proba consistirá en nadar e correr. A natación efectuarase en series por categoría e sexo, tratando de conformar as mesmas en base aos tempos de nado que estimen os adestradores. Establécese que a partir de 120 inscritos na proba, nas categorías cadete e infantil competirán dous nadadores por rúa. Non se admitirán inscricións sen o envío dos tempos. Na final estableceranse as series en función das marcas das xornadas previas.

Na carreira realizarase unha saída por categoría e sexo saíndo todos á vez. Cando nunha categoría sexan máis de 20 participantes poderá haber unha saída A e outra B con igual número de deportistas, segundo a orde da clasificación da natación. A clasificación final será o resultado da suma de tempos da carreira e da natación.

A carreira rexerase segundo o Regulamento Oficial de Competición da FEGATRI.

<http://fegatri.org/wp-content/uploads/2019/02/Regulamento-Nada-e-Corre-2019.pdf>

<http://fegatri.org/wp-content/uploads/2019/02/REGULAMENTO-DE-COMPETICI%C3%93NS-DA-FEGATRI-TEMPADA-2019.pdf>